

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DO PROCEDEMENTO DE ACCESO Á SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA MEDIANTE CLAVE

2015/XENSEC/000034

DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PROCEDEMENTO DE ACCESO Á SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA MEDIANTE CLAVE.

Examinado o expediente de impulso da Administración electrónica neste Concello e as actuacións levadas a cabo para a posta en funcionamento da súa sede electrónica, resultan relevantes os seguintes feitos:

1. Á sede electrónica do Concello de Pontevedra permitirá obter información e xestionar a través de Internet as relacións das persoas coa administración municipal. Contén unha parte pública e unha parte privada.
Para acceder á parte privada existirán dúas modalidades a identificación con certificado electrónico e a identificación con usuario e clave de acceso (alta na sede).
2. Para darse de alta como usuario na sede e poder obter a clave de acceso resulta deseñouse un procedemento que é obxecto de regulación mediante este decreto.

Considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

1. O artigo 13 da Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Pontevedra (BOP 78 de 24.04.2015), ao tratar os instrumentos de identificación e de acreditación da vontade dos cidadáns, no seu apartado c) establece como sistema válido a utilización de claves concertadas nun rexistro previo como usuario, a achega de información coñecida por ambas partes ou outros sistemas non criptográficos, nos termos e condicións que en cada caso se determinen.
2. O artigo 11 do Real Decreto 1671/2009, de 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, no seu apartado 1, establece que a admisión de outros sistemas de firma á que se refire o artigo 13.2.c) da Lei 11/2007, de 22 de xuño, cal é o caso, deberán aprobarse mediante resolución do titular dos organismos públicos.



3. A disposición final segunda da Ordenanza reguladora da administración electrónica deste Concello faculta ao Alcalde a dictar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento da propia ordenanza, na que se regula a sede electrónica. Así mesmo o artigo 124.4.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local establece como función do Alcalde, entre outras a dirección da administración municipal.

Tendo en conta o anteriormente exposto, esta Alcaldía, DECRETA:

Primeiro.- Aprobar o procedemento deseñado para a obtención da clave de acceso á parte privada da sede electrónica do Concello de Pontevedra, que se poderá tramitar de dúas maneiras:

- Con certificado electrónico: Identificándose na sede, cumprimentando a solicitude de acceso e presentandoa no rexistro electrónico. Unha vez presentada a solicitude de acceso acudirá á oficina do rexistro xeral do Concello para recoller a clave asignada. Se se quere evitar ter que acudir persoalmente á indicada oficina poderá achegar á solicitude unha copia do NIF e remitírselle a clave asignada ao enderezo que conste no citado documento.
- Sen certificado electrónico: Cumprimentando a solicitude de acceso e presentándoa na oficina do rexistro xeral do Concello. A clave lle será entregada persoalmente nese intre.

Unha vez obtida a clave de acceso póderase cambiar en calquera momento dende a propia sede electrónica previa a correspondente identificación.

Segundo.- Publicar o presente decreto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de editos do concello para a súa difusión así como na propia sede electrónica.

Así o dispuxo e ordenou a Alcaldesa accidental, en Pontevedra a 29.02.2016, ante a Secretario de Administración municipal, que dá fe da presente resolución.

Pontevedra, a 3 de marzo de 2016.—O Concelleiro, Vicente García Legísima.

